

ALFIN

Durante o mes de febreiro impartimos dúas formacións para alumnado de **TFG** que non as realizara no trimestre anterior, nas que aprenderon como realizar unha procura nas bases de datos internacionais, como citar e crear unha bibliografía utilizando o formato da APA e o xestor bibliográfico Refworks, evitar o plaxio, crear presentacións dinámicas... . Tamén 3 cursos para alumnado de **TFM**, con programa similar, ambos semipresenciais (con 3 e 4 horas presenciais respectivamente), utilizando a plataforma Moodle. E 7 cursos para **alumnado de grao**, máis básico. Un total aproximado de 200 alumnas e alumnos.

AS NOSAS REDES

A biblioteca ten perfil em Twitter, Facebook e Pinterest. Nas dúas primeiras informamos cada día das novas: cursos sobre ferramentas básicas para a investigación, cursos para alumnado, actividades culturais, datos da colección, novas app para PDI, libros e revistas electrónicas...

No twitter temos xa 1423 seguidores, que poden acceder a toda a información que publicamos. E 260 en Pinterest no que temos a colección de cine. Utilizamos tamén outras plataformas para crear e comunicar a información, como Prezi ou Emaze, para crear presentacións, nesta última consultaron a presentación sobre a Avaliación da produción científica 1426 persoas. Animámosvos a seguirmos.

XESTORES DE REFERENCIA

No desenvolvemento do traballo científico, o investigador/a vese na obriga de organizar unha grande cantidade de información que medra incontroladamente, sendo precisas ferramentas que faciliten a súa xestión automatizada. A solución: un bo xestor bibliográfico. A oferta é ampla: de escritorio, entorno web, gratuítos, de pago, sociais... Todos permiten importar referencias da maioría das bases de datos e buscadores académicos, organizan e xestionan a bibliografía e permiten xerar automaticamente citas e bibliografía nun texto. Os que seguen son algún dos máis utilizados pola comunidade científica:



Subscrito pola UDC.

Acceso dende calquera lugar con contrasinais, en liña. Xestiona multitude de estilos de citas, permite compartir carpetas, ten lector de RSS e podemos exportar base de datos a outros xestores. Plugin de citas para Word e open office.



Gratuíto, versión local e versión web sincronizadas. Compila documentos de toda a rede. É ademais unha rede social e un explorador de tendencias.



Extensión de navegador (Firefox e Chrome). Importa datos directamente da web. Versión local e versión web. Plugin de

citas para Word e open office.



De Thompson&Reuters. De pago. UDC acceso a través de Fecyt (WOS).

Similar a Refworks. Só

EXPOSICIÓNS

Recuncho de lectura

AmoresQmatan. Exposición de fotografías gañadoras e seleccionadas no concurso “AmoresQmatan” no que participaron case 200 alumnas e alumnos e no que colaboraron: Roberto Suárez Brandariz, Juanjo Bueno Aguilar, Iria Sobrino Freire, Patricia Carballal Miñán e Fernando Iglesias Amorín, do PDI.



Datas: marzo-abril 2016
Lugar: Recuncho de lectura

Máis información no noso blogue.

Exposición de pintura de Castro Lara



Nieves Castro Lara, artista e bióloga cordobesa, amósanos unha selección das súas pinturas en papel.

Datas: maio-xuño 2016
Lugar: Recuncho de lectura

Peceiras de creatividade

Exposición conmemorativa do centenario do nacemento das Irmandades da Fala.



Conta coa colaboura de Uxío Breogán Diéguez Cequiel.

Datas: abril- maio 2016

NÉBEDA. Clube de lectura e encontros literarios



Continuamos co clube de lectura, que funciona grazas ao apoio do servizo de Normalización Lingüística, e tamén coa colaboura da editorial Galaxia.

Nesta ocasión queremos homenaxear a **Manuel María**, a quen se lle adica o Día das Letras Galegas. Manuel María ten unha obra poética ampla e a escolma realizada por **Miguel Mato Fondo** é a nosa elección. E con Miguel será o noso encontro, xa que ademais de ser escritor e poeta, é un grande coñecedor da obra de Manuel María.



Encontro literario con Manuel Mato Fondo
Data: 12 de maio, ás 17 h
Lugar: Recuncho de lectura

A asistencia aos encontros é libre para toda a comunidade universitaria e tamén se pode convidar a xente de fóra.

A través do noso blogue podedes participar con comentarios. Paralelo ao clube e o encontro está o cineclube, moderado por Juan José Bueno Aguilar. Coordina o clube: Inma Doval Porto. nebedaclubelectura.wordpress.com